



## **RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA CON OPOSICIÓN DE TERCEIRO**

O 15 de xaneiro de 2020 tivo entrada Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta, a súa solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno solicitude que quedou rexistrada co número 2020/74445. Dado que a Secretaría Xeral é o órgano competente para resolver, a partir da data mencionada comeza a contar o prazo dun mes para a súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O seu obxecto é a obtención de información en relación coas solicitudes de acceso a información pública presentadas na Presidencia da Xunta por don Miguel Ángel Delgado González e a Asociación Pladesemapesga, entre os anos 2017 e 2019.

De acordo cos artigos 19.3 da citada Lei 19/2013 e 27.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro se a información solicitada pode afectar dereitos ou intereses de terceiros, debidamente identificados, concederáselles un prazo de quince días para que poidan realizar as alegacións que consideren oportunas.

Unha vez analizada a solicitude, esta Secretaría Xeral considerou que incorría no suposto establecido no parágrafo precedente, razón pola cal mediante notificación efectuada o 23 de xaneiro de 2020 procedeu a conceder trámite de alegacións. O día 23 de xaneiro de 2020, vostede presentou escrito de alegacións opoñéndose á concesión do acceso.

Non obstante, esta Secretaría Xeral considera que as alegacións presentadas non son suficientes para xustificar unha denegación do acceso á información solicitada e resolve conceder o dito acceso. En particular, a información solicitada non contén datos persoais que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión ou creencias; nin se refire a datos persoais que fagan referencia á orixe racial, á saúde ou á vida sexual; nin inclúen datos xenéticos ou biométricos nin datos relativos á comisión de ningunha infracción penal ou administrativa. Por outra parte, no seu escrito non se alegan nin se fai referencia a ningún posible prexuízo, concreto nin xenérico, que puidera causarlle a concesión do acceso á información.





En consecuencia, con fundamento no disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, concédese o acceso á información pública solicitada aínda que, como establece o número 2 do artigo 20, o acceso só terá lugar cando transcorrese o prazo do artigo 22.2, é dicir, cando transcorrese o prazo para interpoñer recurso contencioso administrativo sen que se formalizase ou fose resolto confirmando o dereito a recibir a información.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante os xulgados de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela  
O secretario xeral da Presidencia  
Álvaro Pérez López

**Miguel Ángel Delgado González**  
Rúa Juan Castro Mosquera, nº 28, 2º Dcha  
15005 A Coruña  
[prensa@xornalgalicia.com](mailto:prensa@xornalgalicia.com)

